

INFORME TÉCNICO SOBRE OFERTAS INCURSAS EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA:

“RENOVACIÓN EXTRAORDINARIA DO PAVIMENTO NA AUTOESTRADA AG-53. ALTO DE SANTO DOMINGO A-52. TRAMO: ENLACE DE CEA - A-52.”

Clave: **OBRA230101**

De acordo co artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) “os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado, no momento de fixar o presuposto de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados”.

O artigo 149 da LCSP “Ofertas anormalmente baixas” indica que “cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, estarase ao establecido nos pregos que rexen o contrato, nos cales ha de establecerse os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto”.

Polo tanto, derívase da lexislación que debe coidarse de que o prezo do contrato sexa adecuado para o seu efectivo cumprimento, aplicando as normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. O prego de cláusulas administrativas particulares recolle os parámetros obxectivos en función dos cales se pode apreciar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormalmente baixos.

De acordo có prego, a proposición que nos ocupa está incursa en presunción de anormalidade, polo que deuse audiencia ao licitador para que “desglose razoada e detalladamente os prezos, custos e calquera outro parámetro en base ao cal se poida considerar que a oferta non é desproporcionada”.

Segundo o estipulado no LCSP, a xustificación non poderá ser incompleta ou fundamentarse en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico, e centrarse nos seguintes valores:

- O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados u o método de construción
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras
- A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

- O respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP
- Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento de contratación da obra “RENOVACIÓN EXTRAORDINARIA DO PAVIMENTO NA AUTOESTRADA AG-53. ALTO DE SANTO DOMINGO A-52. TRAMO: ENLACE DE CEA - A-52”, foi identificada a oferta da empresa S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA como incurso en presunción de anormalidade.

Solicitada xustificación ó respecto, a documentación presentada pola empresa S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA basease nos seguintes argumentos:

- Experiencia neste tipo de obras e optimización de gastos xerais.
- Optimización dos custes directos
- Implantación en Galicia que permite unha redución dos gastos xerais da obra
- Os prezos ofertados son os habituais da zona.

Sobre as consideracións realizadas polo licitador, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas co seu detalle xustificativo. O resto de consideracións, ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta valoracións nin detalle xustificativo dos prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a documentación presentada é insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

A tenor do exposto, enténdese que a empresa non cumpre coa carga que lle corresponde para xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente a mesma para acordar a súa aceptación.

Esta situación determina que a oferta **non se entenda correctamente xustificada** e polo tanto que **se considere anormalmente baixa** para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo 102 e 149 da LCSP.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica